



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, referida aos dereitos electorais das galegas residentes no estranxeiro.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu Artigo 3.2, establece claramente que as persoas residentes no estranxeiro, que tivesen como derradeira veciñanza administrativa Galicia, gozarán dos dereitos políticos definidos no Estatuto. O Artigo 4.2 do Estatuto fixa os principios de liberdade e igualdade para, entre outros aspectos, remover os obstáculos que impiden a participación política de todas, sen exclusións de ningunha índole. Por isto, sería esperable que os galegos e galegas, tanto residentes en Galicia como os que viven fora dela, puideran exercer os seus dereitos políticos en igualdade de condicións.

A realidade é outra, as reformas operadas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, supuxeron una afectación dos dereitos en materia electoral para o exercicio do voto polos galegos e galegas residentes no estranxeiro, ao impoñer un procedemento de voto rogado e incluso excluílos dos censos de electores para as eleccións municipais. Como mostra dos efectos perversos de estas reformas podemos falar do ano 2009, nas que o censo exterior para as eleccións ao

Parlamento Europeo supuña o 12,5% do total do censo galego e que aportou o 4,7% do voto total. En contraste, no ano 2014, para a mesma elección e con crecemento do exilio económico, a porcentaxe sobre o censo total para o voto exterior de Galicia xa era do 15,5% pero supuxo só o 0,6% do voto total debido ás reformas antisufraxio.

Ante esta circunstancia AGE presentou a necesidade de que a Xunta de Galicia instase ao Goberno do Estado a proceder a derogar o “voto rogado” que afecta a toda a cidadanía “ausente” que vive fora de España de forma permanente (Lei Orgánica 2/2011), e defenda os intereses dos máis de medio millón de galegos e galegas residentes no estranxeiro, esquecidos a pesar de ter un peso equivalente ao vinte por cento dos habitantes da comunidade. Tamén reclamamos que a Xunta de Galicia instase ao Goberno do Estado a repoñer o dereito de sufraxio en comicios municipais para as galegas e galegos residentes no estranxeiro e derogase o excluínte e discriminatorio artigo 2 da citada Lei Orgánica 2/2011.

Pero de todo isto nada se fixo, o PP asegurouse de que eses 500.000 galegos e galegas tivesen problemas para exercer o voto, un voto de persoas que tiveron que saír para traballar e vivir, que coa reforma o teñen máis difícil para ser decisivos, para ter o peso que lle corresponde polo principio de persoa e voto. Por un empeño político en restar dereitos aos maiores prexudicados polas decisións neoliberais e un empeño de negar expresións políticas tan elementais como o sufraxio activo que constitúe o voto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa **resposta oral en Comisión**:

- 1- Considera o Goberno de Galicia que a reforma da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, pola Lei Orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro, supuxo unha diminución e un menoscabo dos dereitos en materia electoral dos galegos e galegas residentes no estranxeiro?

2- Que medidas está a impulsar o Goberno de Galicia en defensa dos dereitos en materia electoral dos galegos e galegas residentes no estranxeiro? Ten previsto o Goberno de Galicia instar á modificación da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral para garantir a participación dos galegos e das galegas residentes no estranxeiro nos procesos electorais, en plenas condicións de igualdade cos galegos e galegas residentes en Galicia?

Santiago de Compostela, 09 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 12/05/2016 10:24:56

Ramón Vázquez Díaz na data 12/05/2016 10:25:05

Eva Solla Fernández na data 12/05/2016 10:25:13

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 12/05/2016 10:26:40

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/05/2016 10:26:52

Anton Sánchez García na data 12/05/2016 10:26:59